



UNHA CITA:

"Ao mesmo pé da torre, o horto dos pazos semellaba verde
alfombra con cenefas amareladas"

Emilia Pardo Bazán.
Los pazos de Ulloa.

DEL ACTA DE PRINCIPALIDAD DE OPERACIONES
TESTAMENTARIAS DEL ILTMO SEÑOR DON GERARDO
BERMUDEZ DE CASTRO Y SUAREZ DE DEZA, A RE -
QUERIMIENTO DE LOS EXCMOS SEÑORES DON JU -
LIO WAIS SANMARTIN Y DON CIRILO TORNOS LAF



1779-79
4-17-191
7-21-191
1779-79

Madrid 4 de Julio de 1942

Ante

D. Jesús Coronas

Doctor en Derecho

Abogado y Notario de los Ilustres Colegios de Madrid.

Velazquez, 21. Teléfono 56465



O derradeiro fidalgo do Pazo de Mariñán

DE LA ESCRITURA DE COMPROMISO Y AMIGABLE
COMPOSICION ENTRE LA EXCMA DIPUTACION -
PROVINCIAL DE LA CORUÑA Y LOS ALBACEAS Y
HEREDERA DEL ILTMO. SEÑOR DON GERARDO BER -
MUDEZ DE CASTRO Y SUAREZ DE DEZA.-----



Kesell, Omar. Pazo de Mariñán. 2009. Diputación Provincial A Coruña

Madrid 26 de MARZO de 1942.

Ante

D. Jesús Coronas

Doctor en Derecho

Abogado y Notario de los Ilustres Colegios de Madrid.

Velazquez, 21. Teléfono 56465

Documento do mes
Maio 2021

Un envarado [mordomo pétreo](#) portador dunhas chaves descomunais, recibe aos convidados en Mariñán ao pé dunha teatral escalinata. Debeu ser el, a súa pantasma ou talvez un sosías quen abriu as portas ao albacea da herdanza de Gerardo Bermúdez de Castro e Suárez de Deza, en novembro do ano 1942. Chegaba de Madrid, na compañía de outros e apoderáronse de valiosos obxectos cos que encher tres voluminosas maletas. Emprenderon a fuxida horas antes de que chegasen os funcionarios para inventariar esa parte do legado do defunto á Beneficencia Provincial. A rocambolesca historia da herdanza de Gerardo Láncara ten todos os ingredientes do folletín: un finado “bon vivant”, os torcidos albaceas, o seu astuto avogado, o teimudo administrador, as argucias dos colonos, unha desconfiada usufructuaria e os sagaces funcionarios, entre outros. “Todo o mundo fixera espoliación” de casas, rendas ou accións. No ano 1936, iniciábase un melodrama co espolio dunha caixa forte do Banco de España. Están implicados dun xeito túrbido os “queridos amigos” albaceas do incauto don Gerardo. O capítulo supremo é a fuga do pazo, nun bote pola ría co botín nas tres maletas ata o apeadoiro de Paderne, con destino a Madrid. (ver [Testamento \(1933\)](#), [Escritura de amigable composición](#), [Informe xefe de Beneficencia Provincial](#) e [Cartas do avogado da Deputación \(1942\)](#)).

Monumentais plátanos de sombra, castiñeiros de Indias e centenarios eucaliptos protexen a porta de entrada e anticipan as sorpresas botánicas que agardan ao recentemente chegado, xa sexa Láncara ou algún dos seus antepasados, un albacea, un funcionario ou un sinnúmero de viaxeiros diletantes. Unha avenida de píceas e camelias conduce ao patio de armas do austero pazo fidalgo. (ver [Testamento \(1933\)](#)). A capela de San Roque apenas despunta entre a sobriedade, porque as súas plaças do Barroco tardío son de volumes reducidos. Ao fin, o foco de atención, o poderío ornamental do barroco compostelán: unha monumental escalinata imperial de dobre derramo poboada de enigmáticas figuras de granito. Saen ao encontro unha excepcional parella de estatuas de corpo enteiro, un mordomo e un paxe, vestidos á moda de finais do XVIII. Inician o ascenso catorce enigmáticos bustos rítmicamente plantados sobre balaustres.

Un despregamento escenográfico manierista que chega ao paroxismo na outra escalinata, a de “a solaina”, o palco con vistas aos xardíns. Desde o Renacemento italiano e francés, os pazos distinguían as súas fachadas posteriores, orientadas aos xardíns, polo protagonismo dos elementos escultóricos. Esta escaleira é unha xoia bramantesca de trazado complexo. Un artificio barroco salpicado de rumorosas figuras fontes, urnas, vasos, volutas e bustos. En lugar privilexiado, os marqueses de Mos, artífices das grandes reformas do pazo no século XVIII, señoreando para sempre sobre a súa obra de arte.

O xardín dieciochesco é unha obra mestra: un “parterre” de buxo clasicista de trazado ortogonal, o módulo básico é de 8 m de lado con esquinas achafranadas. Cada catro grupos de “parterres” organizanse ao redor dunha fonte central, alcanzando un total de dezaseis. Debuxan veneras, cartelas, brasóns heráldicos ou depuradas xeometrías. O ecléctico chega a Mariñán no século XIX e o paisaxismo á inglesa envolve as xeometrías do xardín francés. ([ver Fotos \(1985\)](#)).

Mariñán non é só un edificio, é tamén o seu espazo circundante de 17 hectáreas, un esplendor arquitectónico e botánico abrigado nunha fértil zona ribeirega, nun recuncho natural previo ao meandro do Mandeo, no seu camiño á ría. O edificio aniña en sucesivos marcos, o vexetal, o pétreo e o acuático. Un espectáculo no que a arquitectura vexetal do xardín e a paisaxe complementa á do granito. Alberga máis dun centenar de excéntricas especies decorativas como o abeto do Cáucaso, camedáris de Lawson, cipreses de Portugal, cordilina de Nova Zelandia, chopos negros, magnolias grandifloras, palmeiras datileras, rododendros arbóreos, tulíperos de Virginia ou yucas gloriosas. (ver [Planos \(1971\)](#), [\(1943\)](#) e [Fotos \(1985\)](#)).

Tanta beleza languidecía camiño da decadencia en tempos de Gerardo. Con apenas vinte anos chegara ao Madrid da Revolución Gloriosa para quedar. Excéntrico rendista, simpático, tolieiro, de inmediato móvese con soltura entre a alta sociedade, inconfundible coa seu habano Veguero, a súa capa española e o seu chapeu cordobés. O marqués de Santo Floro, experto na sociedade da Restauración, refire nunha carta ao presidente Marfany un fragmento da súa obra, que describe unha corrida de touros na Praza da Fuente do Berro, no ano 1874: asisten na barreira “a mocidade dourada”, Láncara entre duques e marqueses. (ver [Caricatura de Gerardo por Bon](#), [Carta de Santo Floro](#)).

Non de balde, o noso benefactor era o neto de don Apolinar Suárez de Deza e Caamaño, senador e xentilhome, o Forbes da súa época. O Inventario demostra un estilo de vida. Datado no nadal do ano 1942, as súas 45 páxinas detallan ata 796 items. Sobresae o refinado mobiliario de caoba: sillerías completas, aparadores, consolas, mesas, cómodas, coquetas, escritorios buró, librerías, diváns, sofás, e unha mesa de billar. Non faltan os óleos, gravados, bronce, cristaleras e vaixelas. No “cuarto do extinto don Gerardo”, de caoba tamén, había unha cama en forma de “chaise longue”, unha mesilla, un armario, un escritorio, unha cómoda buró, un colgadoiro con porta-armas, un bastonero, un lavabo e palanganas de louza, porta-toallas, porta-cepillos e dous chapeus cordobeses. No despacho, unha biblioteca duns catrocentos volumes, na que destacan a *Carta xeográfica de Galicia* de Fontán, a *Enciclopedia* de Diderot e d’Alembert, as *Vidas de homes ilustres* de Plutarco, a *España Sacra* do Padre Flórez, os *Sermóns* do Padre Isla, o *Semanario Pintoresco*, o *Novo Teatro Crítico* de Pardo Bazán, xunto con biografías, obras de historia, manuais de dereito, literatura de viaxes, novelas, folletines, dicionarios, etc. Do pequeno arquivo que apunta o inventario conservámolo todo: o Libro de conta e razón de José Bermúdez de Castro, o Índice do Señorío de Misericordia, a Executoria de Morgados, etc. (ver [Escritura de Cesión de usufruto](#), [Inventario do Pazo \(1942\)](#) e [Acta: acordo de gratificación ao Xefe de Beneficencia \(1946\)](#)).

En ocasións, o obrigado camiño dos documentos desde a oficina produtora ata as expertas mans arquiteiras é tan tortuoso e moroso como o Legado Bermúdez de Castro. Con motivo do Plan de dixitalización do Arquivo, estamos a recibir documentación histórica de Patrimonio. O resultado dos traballos profesionais sobre a desarraxada documentación é o achado e descrición de pequenos tesouros documentais como o Inventario detallado do Pazo, de nadal do ano 1942, imprescindible para a Deputación que acababa de consolidar o pleno dominio da herdanza en setembro dese ano.

Gerardo Láncara é un símbolo. Os seus foros, pazos, bens e liñaxes, son pura historia contemporánea de Galicia. O ascenso e a caída da súa familia, é a viva estampa do espírito dos últimos fidalgos rendistas, un proceso de destrución máis rápido que o da súa formación (do que daremos conta no Documento do mes de xuño). Desaparece a fidalguía intermedia pero deixa tras de si sonoros apelidos, escudos de armas, libros de rendas e a súa aura, a súa forma de vida nobre, un espírito fidalgo que aínda impregna o Pazo de Mariñán. ([ver vídeo](#))

BIBLIOGRAFÍA:

- FIGUEROA, Agustín de. “La sociedad española bajo la Restauración”. Madrid: Aspas, 1945.
- RODRÍGUEZ DACAL, Carlos e IZCO, Jesús. “El pazo de Mariñán. Plantas, jardines y paisajes”. A Coruña: Deputación Provincial, 1997.
- SÁNCHEZ GARCÍA, Jesús Ángel. “Catálogo del patrimonio arquitectónico de la Diputación de A Coruña. Edificios de valor histórico”. A Coruña: Deputación Provincial, 2020.
- SANCHEZ GARCÍA, Jesús Ángel. “Mariñán pazo de los sentidos”. A Coruña: Deputación Provincial, 1999.

Textos e dirección de arte: Carmen Molina Taboada. Maquetación: Yolanda Carro Sánchez. Descrición documental: Begoña Rodríguez Devesa. Corrección texto galego: Nieves do Campo Piñeiro. Documentos reproducidos: ADAC H-36 , H-59-61. M-2749, 26122. Acta 1946. Maio de 2021



UNA CITA:

"Al mismo pie de la torre, el huerto de los pazos semejaba verde alfombra con cenefas amarillentas".

Emilia Pardo Bazán.
Los pazos de Ulloa.

DEL ACTA DE PRIVILEGIACION DE OPERACIONES TESTAMENTARIAS DEL ILTMO SEÑOR DON GERARDO BERMUDEZ DE CASTRO Y SUAREZ DE DEZA, A REQUERIMIENTO DE LOS EXCMOS SEÑORES DON JULIO WAIS SANMARTIN Y DON CIRILO TORNOS LAF



Madrid 4 de Julio de 1942

Ante

D. Jesús Coronas

Doctor en Derecho

Abogado y Notario de los Ilustres Colegios de Madrid.

Velazquez, 21. Teléfono 56465



"O derradeiro fidalgo do Pazo de Mariñán"

DE LA ESCRITURA DE COMPROMISO Y AMIGABLE COMPOSICION ENTRE LA EXCMA DIPUTACION PROVINCIAL DE LA CORUÑA Y LOS ALBACEAS Y HEREDERA DEL ILTMO. SEÑOR DON GERARDO BERMUDEZ DE CASTRO Y SUAREZ DE DEZA.



Kesell, Omar. Pazo de Mariñán. 2009. Diputación Provincial A Coruña

Madrid 26 de MARZO de 1942.

Ante

D. Jesús Coronas

Doctor en Derecho

Abogado y Notario de los Ilustres Colegios de Madrid.

Velazquez, 21. Teléfono 56465

Documento del mes
Mayo 2021

Un envarado [mayordomo pétreo](#) portador de unas llaves descomunales, recibe a los invitados en Mariñán al pie de una teatral escalinata. Debió ser él, su fantasma o tal vez un sosías quien abrió las puertas al albacea de la herencia de Gerardo Bermúdez de Castro y Suárez de Deza, en noviembre de 1942. Llegaba de Madrid, en compañía de otros y se apoderaron de valiosos objetos con los que llenar tres voluminosas maletas. Emprendieron la huida horas antes de que llegasen los funcionarios a inventariar esa parte del legado del difunto a la Beneficencia Provincial. La rocambolesca historia de la herencia de Gerardo Láncara tiene todos los ingredientes del folletín: un finado “bon vivant”, los aviesos albaceas, su astuto abogado, el taimado administrador, las argucias de los colonos, una desconfiada usufructuaria y los sagaces funcionarios, entre otros. “Todo el mundo había hecho expoliación” de casas, rentas o acciones. En 1936, se inicia el culebrón con el expolio de una caja fuerte del Banco de España. Están turbidamente implicados los “queridos amigos” albaceas del incauto don Gerardo. El capítulo supremo es la fuga del pazo, en un bote por la ría con el botín en las tres maletas hasta el apeadero de Paderne, con destino a Madrid. (ver [Testamento \(1933\)](#), [Escritura de amigable composición](#), [Informe jefe de Beneficencia Provincial](#) y [Cartas del abogado de la Diputación \(1942\)](#)).

Monumentales plátanos de sombra, castaños de Indias y centenarios eucaliptos protegen la puerta de entrada y anticipan las sorpresas botánicas que aguardan al recién llegado, ya sea Láncara o alguno de sus antepasados, un albacea, un funcionario o un sinnúmero de viajeros diletantes. Una avenida de píceas y camelias conduce al patio de armas del austero pazo hidalgo. La capilla de San Roque apenas despunta entre la sobriedad, porque sus placados de Barroco tardío, son de volúmenes reducidos. Al fin, el foco de atención, el poderío ornamental del barroco compostelano: una monumental escalinata imperial de doble derrame poblada de enigmáticas figuras de granito. Salen al encuentro una excepcional pareja de estatuas de cuerpo entero, un mayordomo y un paje, vestidos a la moda de finales del XVIII. Inician el ascenso catorce enigmáticos bustos rítmicamente plantados sobre balaustres.

Un despliegue escenográfico manierista que llega al paroxismo en la otra escalinata, la de “la solaina”, el palco con vistas a los jardines. Desde el Renacimiento italiano y francés, los palacios distinguían sus fachadas posteriores, orientadas a los jardines, por el protagonismo de los elementos escultóricos. Esta escalera es una joya bramantesca de trazado complejo. Un artificio barroco salpicado de rumberas figuras fuentes, urnas, jarrones, volutas y bustos. En lugar privilegiado, los marqueses de Mos, artífices de las grandes reformas del pazo en el siglo XVIII, señoreando para siempre sobre su obra de arte.

El jardín dieciochesco es una obra maestra: un parterre de boj clasicista de trazado ortogonal, el módulo básico es de 8 m de lado con esquinas achaflanadas. Cada cuatro grupos de parterres se organizan en torno a una fuente central, alcanzando un total de dieciséis. Dibujan veneras, cartelas, blasones heráldicos o depuradas geometrías. El eclecticismo llega a Mariñán en el siglo XIX y el paisajismo a la inglesa envuelve las geometrías del jardín francés. ([ver Fotos \(1985\)](#)).

Mariñán no es solo un edificio, es también su espacio circundante de 17 hectáreas, un esplendor arquitectónico y botánico abrigado en una fértil zona ribereña, en un recodo natural previo al meandro del Mandeo, en su camino a la ría. El edificio anida en sucesivos marcos, el vegetal, el pétreo y el acuático. Un espectáculo en el que la arquitectura vegetal del jardín y el paisaje complementa a la del granito. Alberga más de un centenar de excéntricas especies decorativas como el abeto del Cáucaso, camecíparis de Lawson, cipreses de Portugal, cordilina de Nueva Zelanda, chopos negros, magnolias grandifloras, palmeras datileras, rododendros arbóreos, tulíperos de Virginia o yucas gloriosas. (ver [Planos \(1971\)](#), [\(1943\)](#) y [Fotos \(1985\)](#)).

Tanta belleza languidecía camino de la decadencia en tiempos de Gerardo. Con apenas veinte años había llegado al Madrid de la Revolución Gloriosa para quedarse. Excéntrico rentista, simpático, juerguista, de inmediato se mueve con soltura entre la alta sociedad, inconfundible con su habano Veguero, su capa española y su sombrero cordobés. El marqués de Santo Floro, experto en la sociedad de la Restauración, refiere en una carta al presidente Marfany un fragmento de su obra, que describe una corrida de toros en la Plaza de la Fuente del Berro, en 1874: asisten en la barrera “la juventud dorada”, Láncara entre duques y marqueses. (ver [Caricatura de Gerardo por Bon](#), [Carta de Santo Floro](#))

No en vano, nuestro benefactor era el nieto de don Apolinar Suárez de Deza y Caamaño, senador y gentilhombre, el Forbes de su época. El Inventario demuestra un estilo de vida. Datado en diciembre de 1942, sus 45 páginas detallan hasta 796 ítems. Sobresale el refinado mobiliario de caoba: sillerías completas, aparadores, consolas, mesas, cómodas, coquetas, escritorios buró, librerías, divanes, sofás, y una mesa de billar. No faltan los óleos, grabados, bronce, cristalerías y vajillas. En el “cuarto del extinto don Gerardo”, de caoba también, había una cama en forma de “chaise longue”, una mesilla, un armario, un escritorio, una cómoda buró, un perchero con porta-armas, un bastonero, un lavabo y palanganas de loza, porta-toallas, porta-cepillos y dos sombreros cordobeses. En el despacho, una biblioteca de unos cuatrocientos volúmenes, en la que destacan la *Carta geográfica de Galicia* de Fontán, la *Enciclopedia* de Diderot y d’Alembert, las *Vidas de hombres ilustres* de Plutarco, la *España Sagrada* del Padre Flórez, los *Sermones* del Padre Isla, el *Semanario Pintoresco*, el *Nuevo Teatro Crítico* de Pardo Bazán, junto con biografías, obras de historia, manuales de derecho, literatura de viajes, novelas, folletines, diccionarios, etc. Del pequeño archivo que reseña el inventario lo conservamos todo: el Libro de cuenta y razón de José Bermúdez de Castro, el Índice del Señorío de Misericordia, la Ejecutoria de mayorazgos, etc. (ver [Escritura de Cesión de usufructo](#), [Inventario del Pazo \(1942\)](#) y [Acta: acuerdo de gratificación al jefe de Beneficencia \(1946\)](#)).

En ocasiones, el obligado camino de los documentos desde la oficina productora hasta las expertas manos archiveras es tan tortuoso y moroso como el Legado Bermúdez de Castro. Con motivo del Plan de digitalización del Archivo, estamos recibiendo documentación histórica de Patrimonio. El resultado de los trabajos profesionales sobre la desarreglada documentación es el hallazgo y descripción de pequeños tesoros documentales como el Inventario detallado del Pazo, de diciembre de 1942, imprescindible para la Diputación que acababa de consolidar el pleno dominio de la herencia en septiembre de ese año.

Gerardo Láncara es un símbolo. Sus foros, pazos, bienes y linajes, son pura historia contemporánea de Galicia. El ascenso y la caída de su familia, es la viva estampa del espíritu de los últimos hidalgos rentistas, un proceso de destrucción más rápido que el de su formación (del que daremos cuenta en el Documento del mes de junio). Desaparece la hidalguía intermediaria pero deja tras de sí sonoros apellidos, escudos de armas, libros renteros y su aura, su forma de vida noble, un espíritu hidalgo que aún impregna el Pazo de Mariñán. ([ver vídeo](#))

BIBLIOGRAFÍA:

- FIGUEROA, Agustín de. “La sociedad española bajo la Restauración”. Madrid: Aspas, 1945.
- RODRÍGUEZ DACAL, Carlos e IZCO, Jesús. “El pazo de Mariñán. Plantas, jardines y paisajes”. A Coruña: Deputación Provincial, 1997.
- SÁNCHEZ GARCÍA, Jesús Ángel. “Catálogo del patrimonio arquitectónico de la Diputación de A Coruña. Edificios de valor histórico”. A Coruña: Deputación Provincial, 2020.
- SÁNCHEZ GARCÍA, Jesús Ángel. “Mariñán pazo de los sentidos”. A Coruña: Deputación Provincial, 1999.

Textos y dirección de arte: Carmen Molina Taboada. Maquetación: Yolanda Carro Sánchez. Descripción documental: Begoña Rodríguez Devesa. Corrección texto gallego: Nieves do Campo Piñeiro. Documentos reproducidos: ADAC H-36, H-59-61. M-2749, 26122. Acta 1946. Mayo de 2021



UNA CITA:

“...Aquella vasta extensión de terreno debía haber sido en otro tiempo cultivada con primor y engalanada con los adornos de la jardinería simétrica y geométrica cuya moda nos vino de Francia. De todo lo cual apenas quedaban vestigios: las armas de la casa, trazadas con mirto en el suelo, eran ahora intrincado matorral de boj, donde ni la vista más lince distinguiría rastro de los lobos, pinos, torres almenadas, roeles y otros emblemas que campeaban en el preclaro blasón de los Ulloas; y, sin embargo, persistía en la confusa masa no sé qué aire de cosa plantada adrede y con arte...”

Emilia Pardo Bazán, 1886
Los pazos de Ulloa, capítulo 3

LIO WAIS S... TORNOS LAF



17799-79
403
2224-57
2215-57
5777-79

Es probable que doña Emilia se inspirase en el jardín francés del Pazo de Mariñán, sus parterres de boj dibujando blasones heráldicos languidecían camino de la decadencia en los años ochenta del siglo XIX. Gerardo Bermúdez de Castro, pariente de los Pardo Bazán, apenas lo visitaba desde que se mudara a Madrid en 1868.


Ante
D. Jesús Coronas
Doctor en Derecho,
Abogado y Notario de los Ilustres Colegios de Madrid.
Velazquez, 21. Teléfono 56465



“Fidalgos do Pazo de Mariñán”

=====C O P I A=====

DE LA ESCRITURA DE COMPROMISO Y AMIGABLE
COMPOSICION ENTRE LA EXCMA DIPUTACION -
PROVINCIAL DE LA CORUÑA Y LOS ALBACEAS Y
HEREDERA DEL ILMO. SEÑOR DON GERARDO BER
MUDEZ DE CASTRO Y SUAREZ DE DEZA.-----



Kesell, Omar. Pazo de Mariñán. 2009. Diputación Provincial A Coruña

Madrid 26 de MARZO de 1942.
Ante
D. Jesús Coronas
Doctor en Derecho,
Abogado y Notario de los Ilustres Colegios de Madrid.
Velazquez, 21. Teléfono 56465

Documento del mes
Junio 2021

A mediados del convulso siglo XV, Gómez Pérez das Mariñas, señor de grandes dominios, mandó edificar una modesta y tosca fortaleza en Mariñán, al borde de la benigna Mariña betanceira. De joven, el apuesto hidalgo, es el favorito en la corte de Juan II, el más famoso justador. Su influencia le lleva a los cargos de gobernador de Betanzos y regidor coruñés. En la Revuelta Irmandiña se mantiene fiel al rey Enrique IV. Heredaron su Torre los linajes gallegos de la línea troncal de los señores de las Mariñas: Rivadeneiras, Yebras, Ocas, Pimentales o Dezas. Refuerzan su posición con una acertada política de casamientos. Un intrincado árbol genealógico les emparenta con los herederos de las principales casas nobles: Moscosos, Sotomayores, Castros, Osorios, Pardos o Ulloas. Casi medio milenio de hidalgos, que se extinguen con Gerardo Bermúdez de Castro y Suárez de Deza.

Estas casas hidalgas inician su aristocratización en el siglo XVI, infiltrándose en el centro de una estructura social vertebrada por el sistema foral. Los Mariñas y otros como ellos, relevaron en el poder a la nobleza absentista, accediendo a la riqueza rústica, en una posición intermediaria en el reparto del excedente agrario, evitando la relación binaria entre el campesino y el clero. Fundaron precozmente vínculos y mayorazgos para evitar la dispersión patrimonial, consolidando su posición entre los siglos XVII y XVIII. En el momento de apogeo, las torres defensivas se reforman en aristocráticas quintas de recreo, adoptando las maneras de vivir de la nobleza.

El máximo esplendor de Mariñán llegó con los Oca, tras la boda de la última señora de la Casa das Mariñas, Constanza Pimentel y Ribadeneira con Antonio de Oca. Don Diego, su bisnieto, acomete las primeras grandes obras del siglo XVIII que culminan en tiempos de Josefa, su hija. Marquesa de Mos gracias a un excelente matrimonio, es un buen ejemplo de las políticas seculares de entroncamiento de las familias hidalgas. Un exitoso mecanismo de promoción social. Incorporan unas casas a otras, concentran vínculos y mayorazgos e incrementan espectacularmente sus ingresos. Al fallecer sin descendencia, Mariñán pasa a la hermana de don Diego de Oca, Josefa de Oca Ulloa, que al contraer nupcias con Pedro Isidro de Yebrá Pimentel y Suárez de Deza, señor de Láncara, agrega un nuevo pazo y rentas al patrimonio familiar. (ver Señorío de Láncara: [Carta título \(1797\)](#), [Querrela](#) y [Rúbrica de J. Joaquín Yebrá y Oca \(1800\)](#), [Inventario \(1818\)](#) y [Álbum \(1952\)](#)).

En el siglo XIX, don Apolinar Suárez de Deza y Caamaño, señor de Láncara y Bergondo, con extensas propiedades en A Coruña y Lugo, senador del Reino y gentilhombre de Cámara, llegó a ser el primer contribuyente de Galicia sin título nobiliario, detrás del marqués de Valladares y del duque de Alba. Mariñán mantiene con él su magnificencia arquitectónica y botánica. Cerca del famoso Parterre a la francesa, el jardín hortícola se convierte en paisajista, según la moda inglesa. Y desde el romántico embarcadero, las élites hidalgas imitaban con sus dornas las travesías de las reales falúas de Aranjuez. Don Apolinar no tuvo hijos varones de su matrimonio con doña Josefa Deza de Tineo, señora de Noceda. Todas las propiedades recaerían en su primogénita, doña Aurelia Suárez de Deza y Tineo. Se desposó con Francisco, el primogénito de don José María Bermúdez de Castro y Pardo, señor del pazo de la Misericordia de Viveiro, del de Montecelo en San Pantaleón das Viñas y de la fortaleza de Gondar. Aurelia y Francisco son los padres de Gerardo Láncara, que nace en A Coruña, en 1848 y fallece en Madrid, en 1936, sin sucesión. (ver época Apolinar: [Cuentas](#) y [Rúbrica Antonia Caamaño Pardo \(1811\)](#) y época Gerardo: [Libro de cuenta y razón de J. M. Bermúdez de Castro: bautismo nieto \(1848\)](#) y [Certificado de defunción \(1942\)](#)).

Los Bermúdez de Castro formaron parte de la élite política de la época isabelina. Estos hidalgos gallegos romperían definitivamente con el absolutismo y el carlismo, apostando por el liberalismo. José María, militar y político, en su juventud, fue liberal exaltado, miembro activo de la Sociedad Patriótica, de la Milicia Nacional y de la Guardia Nacional. En 1834 era comandante de la Milicia Urbana de La Coruña. Procurador en Cortes en 1836 y a continuación presidente de la Diputación y alcalde de A Coruña. Vivió y murió en su casa de la calle Tabernas. Su hijo Francisco, coronel de artillería, tuvo un papel protagonista en la Revolución de 1848. (ver [Libro eiecutorias \(1834\)](#) y [Libro de cuenta y razón: estudios \(1837\) y boda de Francisco \(1847\)](#)).

Las dificultades de modernización y la demora histórica del campo gallego se deben a la incapacidad de renovarse de la hidalguía. Era un grupo intermediario salido de la sociedad feudal y su introducción en la época contemporánea sobrevino a contrapié. Los cambios económicos y sociales convierten al sistema foral en inservible, después de setecientos años de existencia. El modelo rentista colapsa en 1850, ya no cabía hacer más subforos en Galicia. Una redención gradual se atisba ya antes de la Dictadura de Primo de Rivera.

Los *Libros renteros* reflejan un embarullado número de pagadores de rentas y una intrincada discontinuidad de lugares en los que se imponen. Más del 80% de la riqueza rústica consistía en rentas forales. Conservamos en los archivos multitud de títulos de dominio sobre un mismo derecho o propiedad. De Riomol, por ejemplo, tenemos más de cuarenta documentos. Los hidalgos, compraban pensiones o fincas pequeñas de medio ferrado de centeno o un cuarto de gallina. Para cobrar un foral de 50 fanegas de centeno necesitaban cien escrituras. Sus *Libros de cuentas e Inventarios* analizan la vida cotidiana de la civilización de los pazos. En el esplendor material del interior de pazos como el de Mariñán, los signos de distinción se demuestran en la decoración, en las tipologías de los muebles, cuadros, libros u objetos y en las estancias en las que se disponen: sillerías de caoba en la “sala de confianza” y más en la contigua “sala de juego”, junto al billar y otras mesas de juego. Librerías, sillones, escritorios y escribanías en el “despacho”. En el “salón comedor” una veintena de sillas, la gran mesa y aparadores para conservar la vajilla de más de 200 piezas con la inscripción en azul de “Misericordia”. Un patrón de vida aristocrático, un interés en las celebraciones sociales, el confort, la higiene y la buena mesa, a través del menaje o los alimentos exclusivos. En la dieta privilegiada del abuelo y del padre de Gerardo abundan el caro chocolate, el extravagante café y el buen aceite, los vinos y licóres, las carnes, jamones y bacalao, los quesos de importación, los dulces y los helados. Estos son algunos de los indicadores culturales de las élites, capaces de transmitir el lujo. Un espíritu refinado, cultivado, urbano y a la moda, alejado del tópico literario del hidalgo embrutecido. (ver [Riomol, fincas aforadas \(1897\)](#), [Libro de cuenta y razón \(1817-1877\)](#) y [Inventario \(1942\)](#)).

Hidalgos sibaritas como los de Mariñán, Láncara y toda su intrincada parentela, llegan al cambiante siglo XIX inadaptados, condenados al mantenimiento, incapaces de transformarse de clase intermediaria en burguesía agraria y de hacer de la tierra una mercancía. Se anuncia su declive, su canto del cisne. Al fin, en el siglo XX se celebra el sacrificio del hidalgo rentista y se rompe su centenaria relación con la sociedad agraria. En 1933, el último señor del pazo de Mariñán otorga testamento a favor de la casa de Expósitos de la Diputación de A Coruña. Gerardo Láncara sabía que vivía el crepúsculo de los dioses, sublimó el personaje y apuró cada momento de su intensa vida social madrileña, sin preocuparse por proporcionar un heredero para su enorme y decadente fortuna.

[BIBLIOGRAFÍA EMPLEADA](#)

Textos y dirección de arte: C. Molina Taboada. Maquetación: Y. Carro Sánchez. Descripción: B. Rodríguez Devesa. Corrección texto gallego: N. do Campo Piñeiro. Documentos: ADAC H-46, H-50-51, H-59-62.



UNHA CITA:

“...Aquella vasta extensión de terreno debía haber sido en otro tiempo cultivada con primor y engalanada con los adornos de la jardinería simétrica y geométrica cuya moda nos vino de Francia. De todo lo cual apenas quedaban vestigios: las armas de la casa, trazadas con mirto en el suelo, eran ahora intrincado matarral de boj, donde ni la vista más lince distinguiría rastro de los lobos, pinos, torres almenadas, roeles y otros emblemas que campeaban en el preclaro blasón de los Ulloas; y, sin embargo, persistía en la confusa masa no sé qué aire de cosa plantada adrede y con arte...”

Emilia Pardo Bazán, 1886
Los pazos de Ulloa, capítulo 3



É probable que dona Emilia se inspirase no xardín francés do Pazo de Mariñán, os seus “parterres” de buxo debuxando brasóns heráldicos languidecían camiño da decadencia nos anos oitenta do século XIX. Gerardo Bermúdez de Castro, parente dos Pardo Bazán, case non o visitaba desde que se mudase a Madrid no ano 1868.

Ante
D. Jesús Coronas
Doctor en Derecho,
Abogado y Notario de los Ilustres Colegios de Madrid.
Velazquez, 21. Teléfono, 56465



Fidalgos do Pazo de Mariñán

=====C O P I A=====

DE LA ESCRITURA DE COMPROMISO Y AMIGABLE
COMPOSICION ENTRE LA EXCMA DIPUTACION -
PROVINCIAL DE LA CORUÑA Y LOS ALBACEAS Y
HEREDERA DEL ILMO. SEÑOR DON GERARDO BER
MUDEZ DE CASTRO Y SUAREZ DE DEZA.-----



Kesell, Omar. Pazo de Mariñán. 2009. Diputación Provincial A Coruña

Madrid 26 de MARZO de 1942.
Ante
D. Jesús Coronas
Doctor en Derecho,
Abogado y Notario de los Ilustres Colegios de Madrid.
Velazquez, 21. Teléfono, 56465

Documento do mes
Xuño 2021

A mediados do convulso século XV, Gómez Pérez das Mariñas, señor de grandes dominios, mandou edificar unha modesta e basta fortaleza en Mariñán, ao bordo da benigna Mariña betanceira. De mozo, o aposto fidalgo, é o favorito na corte de Juan II, o máis famoso xustador. A súa influencia lévalle aos cargos de gobernador de Betanzos e rexedor coruñés. Na Revolta Irmandiña mantense fiel ao rei Enrique IV. Herdaron a súa Torre as liñaxes galegas da liña troncal dos señores das Mariñas: Rivadeneiras, Yebras, Ocas, Pimenteles ou Dezas. Reforzan a súa posición cunha acertada política de casamentos. Unha intrincada árbore xenealóxica os emparenta cos herdeiros das principais casas nobres: Moscosos, Sotomayores, Castros, Osorios, Pardos ou Ulloas. Case medio milenio de fidalgos, que se extinguen con Gerardo Bermúdez de Castro y Suárez de Deza.

Estas casas fidalgas inician a súa aristocratización no século XVI, infiltrándose no centro dunha estrutura social vertebrada polo sistema foral. Os Mariñas e outros como eles, relevaron no poder á nobreza absentista, accedendo á riqueza rústica, nunha posición intermediaria na repartición do excedente agrario, evitando a relación binaria entre o campesiño e o clero. Fundaron precozmente vínculos e morgados para evitar a dispersión patrimonial, consolidando a súa posición entre os séculos XVII e XVIII. No momento de apoxeo, as torres defensivas refórmanse en aristocráticas quintas de recreo, adoptando as formas de vivir da nobreza.

O máximo esplendor de Mariñán chegou cos Oca, despois da voda da última señora da Casa das Mariñas, Constanza Pimentel e Ribadeneira con Antonio de Oca. Don Diego, o seu bisneto, acomete as primeiras grandes obras do século XVIII que culminan en tempos de Josefa, a súa filla. Marquesa de Mos grazas a un excelente matrimonio, é un bo exemplo das políticas seculares de entroncamento das familias fidalgas. Un exitoso mecanismo de promoción social. Incorporan unhas casas a outras, concentran vínculos e morgados e incrementan espectacularmente os seus ingresos. Ao falecer sen descendencia, Mariñán pasa á irmá de don Diego de Oca, Josefa de Oca Ulloa, que ao contraer nupcias con Pedro Isidro de Yebra Pimentel e Suárez de Deza, señor de Láncara, engade un novo pazo e rendas ao patrimonio familiar. (ver Señorío de Láncara: [Carta título \(1797\)](#), [Querrela](#) e [Rúbrica de J. Joaquín Yebra y Oca \(1800\)](#), [Inventario \(1818\)](#) e [Album \(1952\)](#)).

No século XIX, don Apolinar Suárez de Deza e Caamaño, señor de Láncara e Bergondo, con extensas propiedades en A Coruña e Lugo, senador do Reino e xentilhome de Cámara, chegou ser o primeiro contribuínte de Galicia sen título nobiliario, detrás do marqués de Valladares e do duque de Alba. Mariñán mantén con el a súa magnificencia arquitectónica e botánica. Preto do famoso “Parterre” de buxo á francesa, o xardín hortícola convértese en paisaxista, segundo a moda inglesa. E desde o romántico embarcadoiro, as elites fidalgas imitaban coas súas dornas as travesías das reais falúas de Aranjuez. Don Apolinar non tivo fillos homes do seu matrimonio con dona Josefa Deza de Tineo, señora de Noceda. Todas as propiedades recaerían na súa primoxénita, dona Aurelia Suárez de Deza e Tineo. Desposou con Francisco, o primoxénito de don José María Bermúdez de Castro y Pardo, señor do pazo da Misericordia de Viveiro, do de Montecelo en San Pantaleón das Viñas e da fortaleza de Gondar. Aurelia e Francisco son os pais de Gerardo Láncara, que nace na Coruña, no ano 1848 e falece en Madrid, no ano 1936, sen sucesión. (ver época Apolinar: [Contas](#) e [Rúbrica Antonia Caamaño Pardo \(1811\)](#) e época Gerardo: [Libro de conta e razón de J.M. Bermúdez de Castro: bautismo neto \(1848\)](#) e [Certificado de defunción \(1942\)](#)).

Os Bermúdez de Castro formaron parte da elite política da época isabelina. Estes fidalgos galegos romperían definitivamente co absolutismo e o carlismo, apostando polo liberalismo. José María, militar e político, na súa mocidade, foi liberal exaltado, membro activo da Sociedade Patriótica, da Milicia Nacional e da Garda Nacional. No ano 1834 era comandante da Milicia Urbana da Coruña. Procurador nas Cortes no ano 1836 e deseguido presidente da Deputación e alcalde de A Coruña. Vívui e morreu na súa casa da rúa Tabernas. O seu fillo Francisco, coronel de artillería, tivo un papel protagonista na Revolución de 1848. (ver [Libro executorias \(1834\)](#) e [Libro de conta e razón: estudios \(1837\)](#) e [voda de Francisco \(1847\)](#)).

As dificultades de modernización e a demora histórica do campo galego débense á incapacidade de renovarse da fidalguía. Era un grupo intermediario saído da sociedade feudal e a súa introdución na época contemporánea sobreveu a contrapé. Os cambios económicos e sociais converten ao sistema foral en inservible, despois de setecentos anos de existencia. O modelo rendista colapsa no ano 1850, xa non cabía facer máis subforos en Galicia. Albíscase unha redención gradual xa antes da Ditadura de Primo de Rivera.

Os *Libros rendeiros* reflicten un embarullado número de pagadores de rendas e unha intrincada descontinuidade de lugares nos que se impoñen. Máis do 80% da riqueza rústica consistía en rendas forais. Conservamos nos arquivos multitude de títulos de dominio sobre un mesmo dereito ou propiedade. De Riomol, por exemplo, temos máis de corenta documentos. Os fidalgos, compraban pensións ou leiras pequenas de medio ferrado de centeo ou un cuarto de galiña. Para cobrar un foral de 50 fanegas de centeo necesitaban cen escrituras. Os seus *Libros de contas e Inventarios* analizan a vida cotiá da civilización dos pazos. No esplendor material do interior de pazos como o de Mariñán, os signos de distinción móstranse na decoración, nas tipoloxías dos mobles, cadros, libros ou obxectos e nas estancias nas que se dispoñen: sillerías de caoba na “sala de confianza” e máis na contigua “sala de xogo”, xunto ó billar e outras mesas de xogo. Librerías, cadeiras de brazos, escritorios e escribanías no “despacho” e no “salón comedor” unha vintena de cadeiras ao redor dunha gran mesa e aparadores para conservar a vaixela de máis de 200 pezas coa inscrición en azul de “Misericordia”. Un patrón de vida aristocrático, un interese nas celebracións sociais, o confort, a hixiene e a boa mesa, a través do enxoval ou os alimentos exclusivos. Na dieta privilexiada do avó e do pai de Gerardo abundan o caro chocolate, o extravagante café e o bo aceite, os viños e licores, as carnes, xamóns e bacallaus, os queixos de importación, os doces e os xeados. Estes son algúns dos indicadores culturais das elites, capaces de transmitir o luxo. Un espírito refinado, cultivado, urbano e á moda, afastado do tópico literario do fidalgo embrutecido. (ver [Riomol, leiras aforadas \(1897\)](#), [Libro de conta e razón \(1817-1877\)](#) e [Inventario \(1942\)](#)).

Fidalgos sibaritas como os de Mariñán, Láncara e toda a súa intrincada parentela, chegan ao cambiante século XIX inadaptados, condenados ao mantemento, incapaces de transformarse de clase intermediaria en burguesía agraria e de facer da terra unha mercancia. Anúnciase o seu declive, o seu canto do cisne. Ao fin, no século XX celébrase o sacrificio do fidalgo rendista e rompe a súa centenaria relación coa sociedade agraria. No ano 1933, o derradeiro señor do pazo de Mariñán outorga testamento a favor da casa de Expósitos da Deputación da Coruña. Gerardo Láncara sabía que vivía o crepúsculo dos deuses, sublimou o personaxe e apurou cada momento da súa intensa vida social madrileña, sen preocuparse por proporcionar un herdeiro para a súa enorme e decadente fortuna.

BIBLIOGRAFÍA EMPREGADA

Textos e dirección de arte: C. Molina Taboada. Maquetación: Y. Carro Sánchez. Descripción: B. Rodríguez Devesa. Corrección texto gallego: N. do Campo Piñeiro. Documentos: ADAC H-46, H-50-51, H-50-52.